

A HISTORIA DA ANTIGA GALICIA

Por Icía Rey Porta

Íamos ao colexio a 3qm , levábamos un trociño de pan, e outro de chocolate para pasar todo o día na escola. Entre os nosos irmáns e irmás, nos turnábase para que un día fose un a escola e os demais axudaran nas labores da casa, coidaran do gando, ou calquera outra cousa.

A ESFOLLA

No tempo de recoller o maízo, segábase o campo, e carretábase todo para a adega, ou para a casa, e a noite chamábase aos veciños para esfollar. Amarrábase o centeo, formábanse mollos(paquetes de centeo), facíanse montóns con ditos mollos, e ao acabar a tarefa levábanse para a casa os palletes. A hora de mallar, viña unha máquina e uns daban mollos para a máquina, outros cortaban os mollos que estaban amarrados, outros metían os mollos a máquina, recollían a palla...

A palla espeliase, para que non levara grans, a xente carretaba a palla ao palleiro, e outros facían o palleiro, uns señores situábanse ao redor da estrutura do palleiro, e vixiaban que este estivera ven montado, que non quedara torto nin nada.

Carretaban a palla cara a limpadora, para limpala, uns varrían o chan, outros amontoaban os restos có raño, etc. e ao rematar o labor comíanse castañas ou calquera outra cousiña que se tivera, para mostrar agradecemento aos que axudaban.

Todos os veciños axudábanse entre eles, o que podía, ía axudar, e as veces pagábase se non había troco.



AS MAIS PRECIADAS RIQUEZAS...

Tiñamos tres ou catro vaquiñas, facíamos queixos, manteiga, e íamos as feiras cargados, andando quizais mais de 10qm. As veces se chovía nos mollábamos. Despois de vender todo o que levábamos comprábamos algunha cousiña, o necesario, e volvíamos para casa andando outra vez, cargados có que mercábamos e có que non vendíamos.

A SOLIDARIDADE

Se non se tiña monte para cultivar, o que lle facía falta, poñíase de acordo cun veciño, para que lle deixara cultivar na súa leira; para que lles deixara, limpábanlle o monte, queimábase o que non facía falla, e se sementaba, pero había que darlle a renta ao terzo ao dono da leira.

AS FESTAS, OS PATRÓNS...



Para ir as festas, había que andar mais de 10qm para chegar a algunha, por un camiño, xa que aínda non había carreteiras, cruzando regatos grandes ou pequenos, incluso de mais de 5m de ancho, e había que cruzalos a pe, que non había pontes nin nada, se caías mollábaste. Ao volver das festas, non é como agora, que un vai para a cama a durmir, non, chegabas e pónaste a traballar, collíanse patacas, etc. O día anterior a festa había que traballar o dobre de duro, para que ao día seguinte non houbera tanto que facer.



As festas tamén se facían na casiña, invitábase aos amigos, é dicir, a case todo o mundo, ou a familia se podía vir; dependendo da festa que fora. Comíase do que se podía ofrecer, bebíase... falábase... aínda hoxe en día se fai algo diso.

A MATANZA

Criábase un porco como se podía, e cando ía un pouco grande matabámolo. Había que chamar ao matador, para que o viñera sacrificar, se non había ninguén na casa, ou preto, que o puidera facer. Uns termábano polos pes, outros polo rabo... e o que o mataba tiráballe dunha orella mentres que lle chantaba o coitelo. Despois, había que lavar as vísceras no río, remexer o sangue... sacarlle a graxa... As tripas encarnadas empregábanse para os chourizos, pero as outras comíanse con pan.

A PRÁCTICA DA RELIXIÓN

As noites, na miña casa, sempre se rezaba o rosario, unha noite un, e outra noite outro. En casa de Mamerto (o meu avó), rezaban todos xuntos, todos os días, e un día mentres rezaban chegou un home, e pediulle ao meu bisavó se podía pasar a rezar o rosario con eles na súa casa e logo xa se ía, el como bo home que era deixouno pasar, e logo o home marchou. Non tiña lugar no que rezar antes de ir durmir.

Nas romarías, levábase a Virxe, a Xesús..., é dicir, aos tronos que na nosa igrexa houbera, por todo o pobo. Saíase da igrexa, e dábanse uns paseños en procesión polas Somozas (no noso caso) e volvíase para a igrexa. Os tronos podíalos levar calquera, as mulleres e os homes, non había discriminación nese aspecto.



A MORTE

Cando morría unha persoa, había que ir buscar ao médico moi lonxe, ir buscar unha caixa para meter ó morto e demais cousas que facían falla. O morto tiñase na casa durante todo un día, para que a xente lle fora chorar ao seu fogar, e ao día seguinte da morte enterrábano, levábase o morto a ombros todo o camiño ata o cementerio, fose lonxe ou preto, entre catro homes, se había mais homes, turnábanse para levalo, pero senón, os catro durante todo o camiño sen ningún descanso. O camiño ata o cementerio podía durar catro ou cinco oras a pe.

O LUTO

No luto, vestiámonos de negro, para os pais do defunto, o luto era de dous anos, para a/o irmá/án duraba un ano, para os fillos dous anos, e para a muller, toda a vida se ela quería, e non adoitaba volver casar con ninguén, estaba así ata que morría.

A FORXA

Éramos uns escravos... facíase carbón queimando a madeira... traballábase na forxa día e noite tamén, durante todos os días do ano. Os da forxa estiraban o ferro, e ían ao machuco a traballalo ben, alí ao leito do río, cunhas máquinas que petaban e petaban no ferro día si, e día tamén, o ferro traballábase con brasas, e con auga para arrefrialo.

AS VODAS

As vodas, non adoitaban ser como as de agora, cun vestidiño branco e todos eses detallíños...nos meus tempos íase como un podía, arraxado iso si, pero sen excesos, xa que non había cartos, e menos para gastalos niso. Que aínda que era algo importante, non era mais importante que o vivir.

Na nosa voda saímos as catro e media da mañá dos Inxertados, collimos a liña para a Coruña dende as Somozas, eu non levaba traxe de noiva nin moito menos, non había cartos, levaba un traxe curiosiño, que tiña para ocasións especiais e o meu home outro tanto do mesmo. Chegamos a Coruña e despois da misa, comemos uns bocadiños e arrancamos para a casa outra vez, nin viaxe de noivos nin nada diso. O regaliño mais grande foi de 200 pesetiñas mais ou menos. 100 pesetas = 20 pesos; 200 pesetas = 40 pesos; 1 peso = 5 pesetas.

AS TECNOLOXÍAS

A primeira radio fomos buscala as pontes, e trouxémola as costas era a primeira que había en todas as Enchousas, no había mais, polo tanto poñíase con moita voz, para que todos a escoitáramos mentres traballabamos. O primeiro televisor que houbo, mercámolo entre todos os veciños do lugar, e gardábase na casa do mais rico do pobo, e íamos alí a ver a televisión.



O MEL

O mel facíase na casa, cada familia, tiña unhas colmeas que tiña que coidar, para que as abellas non morreran, ou marcharan.

Había que meter o mel e a cera todo o que se sacaba das colmeas, machucábase nunca tina, e logo metíase nun saco, e este retorcíase, entre dúas persoas, un por cada lado, para soltar ben a mel, ou metíase na prensa, en vez de facelo a man, e mais tarde envasábase. E se había moito vendíase nas feiras.

TRABALLO A DOMICILIO

Había quen sementaba o liño, e logo entregábase a xente para que o fiara, e cando o traballo estaba rematado devolvíase ao dono do liño, e pagábase aos traballadores unha propina a cambio do traballo realizado.

Andaban repartindo as estopas (montóns de liño) para fiar. O liño había que curtilo, metido en auga, logo devanalo, e logo había que ripalo (sacarlle a casca) , así que ía ven finiño, había que fíalo con rocas, facíanse padexas, e poñíanse a man esquerda na roca mentres que coa dereitas e fiaba. O mais finiño era o cerro, e o outro era para facer camisas, sabanas, e as veces tamén colchas que se facían unindo cachos de tea.

Se tiñamos ovellas, esquilábanse, rapábanse, despois a lá lavábase ben lavadiña, secábase, e despois poñíase nas cardas(peites) para que se fiara mellor. Cando viñan as estopas, e había que fíalas, viñan veciños con gaitas ou calquera instrumento e cantaban e tocaban para entreter, bailábase tamén.

EMIGRACIÓN/INMIGRACIÓN

Despois da guerra civil, moita xente de Galicia decidiu emigrar a outros países hispanos, ou estranxeiros, para fuxir da gran pobreza que había aquí, se alguén quería marchar, toda a familia axudáballe aforrando cartos para a viaxe e cando tiñan o suficiente, o que adoitaba tardar bastante tempo, o familiar marchaba, había varios lugares aos que emigrar Cuba, América do Norte, Suíza... podían ir varios, incluso unha familia enteira, nos países aos que marchaban había que traballar moito, cortando a caña de azucre.. o cal era moi perigoso, porque polo medio da plantación había serpes.. e de mais bichos, por iso, primeiro queimábanse os campos que se ían recoller; para evitar accidentes dese tipo, unha parte do diñeiro que recollían gardábano para eles mesmos, e outra parte mandábana aos seus familiares que quedaban en Galicia. Moita xente morreu no lugar ao que emigraban, moitos familiares con sangue galega hai agora neses lugares... alí facíanse ricos, moita riqueza conseguían boas roupas, escolarización dos nenos... moito que aquí non había, grazas a eles moitos galegos saíron a diante, grazas a esa xente que decidiu emigrar para salvarse.

